



CONCELLO  
DA  
POBRA DO CARAMIÑAL  
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

## PROPOSTA DA ALCALDÍA

### DELEGACIÓNS PLENO

Consonte ao disposto no artigo 54 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p), e no apartado 3 do último dos artigos citado.

En virtude do exposto, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado a favor da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno da Corporación con anterioridade ao presente acordo.

**Segundo.-** Delegar na XGL o exercicio das seguintes atribucións delegables:

- Do artigo 22 da Lei 7/85, de bases de rexime local:

**j)** O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

**Terceiro.-** Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital

O alcalde